

Num. 294



Periódico labrego de información técnica e sindical
Número de rexistro: 980635



sindicato
labrego galego
comisións labregas

O Ministerio de Agricultura desoe ao sector lácteo tras varios meses de loita



Ao cabo de tres meses de fortes mobilizacións en todas as comarcas gandeiras de Galiza e nas grandes superficies comerciais; e tras un intenso traballo a nivel político e institucional; o Ministerio de Agricultura publicou, a comezos de outubro, o paquete lácteo. Para o Sindicato Labrego trátase dunha medida lesiva para o sector e dun desprezo ás súas demandas, pois a pesares de que impón o contrato obrigatorio, aínda non se puxeron en marcha mecanismos que permitan a negociación colectiva dun prezo digno para as explotacións leiteiras que, cando menos, cubra os custes de produción da actividade. Agora, na práctica, as explotacións terán que enfrontarse á extorsión dos prezos que queiran impoñer as industrias. Na imaxe, manifestación en Compostela celebrada o 4 de outubro. (Páxs. 3, 14, 15 e 22)

Marchas dende toda Europa para acadar unha PAC cidadá e labrega

A finais de agosto, varias marchas reivindicativas partían de diversos puntos de Europa co obxectivo de chegar a Bruxelas o 19 de setembro, coincidindo coa celebración do 50º aniversario da Política Agraria Común (PAC). Aproveitando este evento, varias persoas que forman parte da Executiva da Coordinadora Europea da Vía Campesina, entre as que se atopaban a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, mantiveron un encontro co comisario europeo de Agricultura, Dacian Ciolos (na imaxe), co que dialogaron verbo da reforma da PAC que se está comezando a xestar (Páx. 11)





Edita: Edicións Fouce
Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:
Xosé García Rodríguez
Consello Editorial:
Isabel Vilalba Seivane, Tareixa
Ledo Regal e Xabier Gómez
Santiso.
Colaboracións: Xabier Gómez
Santiso, Pepa Bahamonde,
Ramón Barreiro, Isabel Vilalba
Seivane e Antonio Villarino.
Deseño e maquetación:
Xosé García Rodríguez
Sede da redacción:
Ofelia Nieto nº 13-23
Santiago de Compostela
Tlf: 981 580449
Fax: 981 572570
www.sindicatolabrego.com
Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

NACIONAL - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705, Meixónfrío. Santiago de Compostela. Tlfno. 981 554 147
COMPOSTELA - R/ Ofelia Nieto 13-23, 15705, Meixónfrío. Santiago de Compostela. Tlfno. 981 588 532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - R/ Padre Pardo nº24, 1º D Tlfno. 981 508 177
SANTA COMBA - Rúa de Lugo, 19 – entrechán 1º esq. Tlf. 981 880 909
ORDES - R/ Nova nº 33, Baixo, 15680. Tlf. 981 682908
BETANZOS - R/ Cruz Verde 7 - Esquina praza Dona Agueda. Tlf: 981 773 377
TEIXEIRO - R/ Martínez Pardo nº13, 1º esq / Tlfno. 981 789 781
MOECHE - Casetas da feira de Moeche. Tlfno. 698 125 154
VALDEORRAS - Miguel de Cervantes 15 32340, Vilamartín de Valdeorras Tlf. 988 321 511 / Fax: 988 326 723
VERÍN - Travesía de Sousas nº 20, Galerías Maga Tlf. 988 590 438; Fax 988 590 439
RIBADAVIA - R/ Virxe do Portal, nº11. Tlf. 988 477 230 Fax. 988 477 230
XINZO - Rúa San Sebastián, 16 – baixo Tlf. 988 462 547
LUGO - R/ Miguel de Cervantes nº47, ent. Tlf. 982 231154
SARRIA - Rúa Calvo Sotelo 108, entrechán B. Tlf: 982 876155 / 659735862
CHANTADA - R/ Emilia Pardo Bazán 11, baixo. Tlf / Fax: 982 462 103
A FONSAGRADA R/ Fonte, nº 3, baixo. Tlf. 982 350 080
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. Calvo Sotelo, nº3, 1ºE. Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ - Avda. Fernández Del Riego, 5 – 1º C. Tlf. 982 12+6
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A. Tlf.982 512431
MEIRA - R/ Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331 714
A ESTRADA - R/ Gradín nº 1, baixo Tlf/Fax 986 573232
LALÍN - R/ Monte Faro nº 28. Baixo. Tlf. 986 792 268
SILLEDA - Av. do Parque, 32 Centro comercial O Parque, oficina 12 986 580 526
PONTEAREAS - R/ Dos Amieiros,portal 1ºA, 1ºC. 986 641 508 Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - R/ Ramón Franco, Edf. Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes, Ribadumia. Tlf. 986 718 526

2 / Sumario

nº 294
Outono de 2012



Editorial

■ No leite, as cousas claras.....3



Galiza

- A Xunta comeza a cobrar o canon da auga ás explotacións agrogandeiras.....4
- Nace a Alianza Social Galega contra a demolición do Estado de Benestar.....5
- Homenaxe aos colectivos cristiáns de base e ao seu papel na loita pola terra.....7
- Nais e pais contra o desmantelamento das escolas públicas do rural.....8 e 9
- Primo de Barreiros, un pioneiro do Sindicato Labrego Galego, *por Pepa Bahamonde*.....10

Aldea Global

- Marchas dende toda Europa inician a loita por unha PAC labrega e cidadá.....11
- Comeza o proceso de creación dunha carta de dereitos labregos na ONU.....12
- Apoio ás accións reivindicativas do Sindicato Andaluz de Trabajadores.....13



Sectores gandeiros

- O Ministerio de Agricultura desoe ao sector lácteo galego tras dous meses de fortes mobilizacións.....14 e 15
- Segue o xuízo a Lácteos Tambre, que acumula tres sentenzas en contra16



Sectores Vexetais

- O prezo da uva estáncase ou baixa a pesares da mingua na produción.....17
- Novas evidencias sobre o perigo dos transxénicos para a saúde humana e animal.....18



Montes

- Nace unha organización permanente para rematar coa praga dos lumes.....20

Mulleres

- Marcha Mundial: a débeda dos gobernos é coas mulleres, non cos bancos....21

No leite, as cousas claras

Dise popularmente que o tempo pon as cousas no seu sitio, mais este é un triste consolo para quen vive coa dificultade de chegar a fin de mes e ve como, ante unha absoluta inxustiza, os nosos gobernantes miran para outro lado. O ministro Arias Cañete reconece que as prácticas da Distribución están a impor uns prezos por debaixo de custos de produción no leite galego; o presidente da Xunta, Nuñez Feijóo, di que non existe un correcto funcionamento da cadea alimentaria, o que se deriva en prezos ruinosos para as gandeiras e gandeiros; e a propia Unión Europea menciona a falta de poder do sector produtor fronte a prácticas abusivas da Industria. Mais, fronte a isto, todos eles renuncian a traballar nunha regulación que evite estas agresións e a ruína de máis de 60.000 persoas que, de xeito directo e indirecto, viven do sector do leite en Galiza. A todos eles, e mesmo a algunhas organizacións agrarias, échenselles a boca defendendo o libre mercado. Pois ben, o libre mercado é isto: sectores con poder, como a Industria ou a Distribución, buscan obter o máximo de beneficio, aínda que supoña eliminar o medio de vida de miles de persoas.

Tal vez unha das primeiras cousas que precisa o sector do leite para saír do momento de dificultade actual é centrar as reivindicacións e non seguir dando voltas. Precisamos un prezo mínimo para o leite que cubra os custos de produción e remunere o traballo, precisamos que o prezo non sexa unha imposición da Industria senón que responda a uns índices configurados de xeito que resulte un prezo xusto e permita integrar as subas nos custos de produción. Temos que conseguir que o mercado

estea regulado e se acabe cos abusos actuais, así como regular a produción, para evitar que haxa excedentes que só serven para tirar os prezos.

Os produtores e produtoras, e as organizacións tamén, debemos ter unha postura clara. Estamos a defender que non haxa ningunha regulación na produción? Defendemos producir máis para gañar menos? Defendemos que se incremente a produción para que Alemaña e Francia coloquen aquí aínda máis excedentes a baixo prezo? Dende o Sindicato Labrego Galego, dende logo, pensamos que ese non é o futuro, aínda que nos digan que pedimos utopías. Pedimos xustiza, que é ben diferente.

“Dende o Sindicato Labrego Galego, cremos firmemente nas posibilidades do sector leiteiro, mais tamén é preciso que o sector se aclare e deixe de comungar con enganos e trapalladas. O único contrato que nos pode valer é o que teña un prezo xusto.”

Nós non estamos para celebrar acordos voluntarios da mesma Distribución que nos está a afogar, nin un paquete leite con contratos que levan prezos de miseria. Dixemos alto e claro que os contratos, se non levaban un prezo xusto, non valían para nada, e o tempo estanos a dar a razón. Cando as outras organizacións estiveron de acordo en rematar as tractoradas por un suposto acordo histórico, alertamos de que nós non viamos ningunha garantía diso e o tempo deunos a razón. Pensamos que as solucións de alentar os incremen-

tos de produción e o aumento de excedentes vai ser totalmente contraproducente para os gandeiros e gandeiras galegas, máxime cando a maioría da Industria e da Distribución son de capital foráneo. Tamén pensamos que afondar en modelos de produción que fagan máis dependentes ás ganderías na compra de alimentos, con toda a especulación que hai nos mercados internacionais de cereais, é outro paso na dirección equivocada.

Deberíamos apostar, iso si, por mellorar a produción das nosas forraxes e termos urxentemente un programa de incremento da superficie agraria das explotacións con obxectivos concretos por ano; reducir os custos das explotacións con unha electricidade máis barata, como a que o Goberno lle acaba de aprobar á factoría Alcoa, e outras medidas; e mesmo traballar unha mellora xenética das propias vacas, para que non se continúe na dinámica de producir animais febles, que precisan de grandes cantidades de concentrado, que nós non podemos pagar, e que duran un telexornal na casa.

Os galegos e as galegas temos tamén a responsabilidade escoller representantes políticos que fagan unha defensa clara do sector e que rematen coas prácticas de exterminio que se están levando a cabo co mesmo, sendo clara mostra disto o feito de ser a comunidade do Estado onde se paga menos o leite, 5 céntimos menos ca noutras que están ao lado. Dende o Sindicato Labrego Galego, cremos firmemente nas posibilidades do sector leiteiro, mais tamén é preciso que o sector se aclare e deixe de comungar con enganos e trapalladas. O único contrato que nos pode valer é o que teña un prezo xusto.

O SLG saiu á rúa contra as retalladas da Xunta e do Goberno

O Sindicato Labrego Galego apoiou as manifestacións convocadas polos sindicatos obreiros nas principais vilas galegas, o 19 de xullo, contra as retalladas do Goberno Central e da Xunta de Galicia, que están a provocar un grave deterioro das condicións e dereitos laborais e sociais da cidadanía en xeral, e da clase labrega en particular.

Os recortes que estamos a sufrir os labregos e as labregas dende hai anos, intensifícanse agora coas novas políticas para atallar un déficit que, en realidade e en grande medida, non é máis que un enorme buraco financeiro deixado pola mala xestión das caixas e dos bancos.

Así, asistimos ao desmantelamento de servizos que, aínda que moitas veces de xeito deficiente, se lles estaban a prestar ás explotacións e ás persoas que vivimos no campo. En amplas zonas rurais de Galiza estamos quedando sen atención médica, sen servizos sanitarios de urxencia próximos, sen farmacias de garda, sen comedores escolares, sen escolas nin garderías para os nosos fillos e fillas, sen atención para os nosos e as nosas maiores, con oficinas agrarias comarcais cada vez con menos recursos, sen medios suficientes para prever incendios forestais, coa privatización e empeoramento progresivo dos servizos públicos prestados ás explotacións, etcétera.

Estas e outras razóns foron as que fixeron que o Sindicato Labrego Galego saíse o 19 de xullo ás rúas apoiando as manifestacións contra as retalladas do Goberno central e da Xunta de Galicia.

A Xunta comezou a cobrar o canon da auga ás explotacións

As empresas que xestionan o cobro din ignorar que as actividades agrogandeiras estean exentas

Todas as promesas da Xunta á hora de non cobrarlle o canon da auga ás actividades agrogandeiras ou ás traídas veciñais do rural están resultando ser falsas. En setembro, tivemos constancia

das primeiras facturas que lle cargan o canon a explotacións agrogandeiras. Dende o Sindicato Labrego animamos ás persoas afectadas a recorrer este imposto, que vén nunha das peores crises do agro.

Trátase de feitos gravísimos, habida conta de que o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, prometeu ante o Parlamento de Galicia, o 9 de febreiro de 2011, que o canon da auga non se cobraría a pozos e traídas veciñais; mentres que a Xunta asinaba cos sindicatos UUAA e XXAA, o 27 de abril dese mesmo ano, un acordo que seica libraba deste imposto ás explotacións agrogandeiras.

Nembargante, casos como o de Rois, co cobro de 499 € a sete vivendas por una traída veciñal; ou o máis recente de 78 € nun só recibo á sociedade civil Gandería Calvo Varela, de Oroso, tamén polo canon da auga (este foi o primeiro de moitos casos detectados) poñen de manifesto que a Xunta de Galicia está cobrando o canon da auga a pesares das promesas feitas.

A aplicación do canon da auga ás explotacións agrogandeiras vén nun intre no que sectores coma o lácteo están atravesando a peor crise da súa historia, con prezos en orixe dos máis baixos da Unión Europea, e co incremento exponencial e desorbitado de todos os custes de produción (gasóleo, butano, electricidade, pensos, cereais e, agora, por se non abondasen os outros, a auga).

Diante de todo isto, o Sindicato Labrego Galego pediu a retirada inmediata do canon da auga, por im-

Aquagest

SERVICIO MUNICIPAL DE AGUAS DE
OROSO CIF: A28220606
RUA DA CULTURA, 5 BAIXO
15888 OROSO

981694551

TELÉFONO
DE ATENCIÓN AL CLIENTE

981574942

TELÉFONO
DE AVERÍAS 24h

www.aquagest.es

DATOS DEL CONTRATO

Núm. contrato: 8.615.111
Titular: CALVO VARELA, S.C. GANADERIA
NIF cliente:
Dirección: LG.CARDAMA-CARDAMA 2-BJ
15688 OROSO

DATOS DE FACTURACIÓN

Núm. factura: 02492012A100007731
Periodo facturación: 2012/03
Fecha emisión: 12-09-2012

1994 / 1994 - NNNN

8.615.111

CALVO VARELA, S.C. GANADERIA
LG.CARDAMA-CARDAMA 2-BJ
15688 OROSO

FACTURA TRIMESTRAL

AQUAGEST PTFA, S.A.U. C.I.F.:A28220606

AGUA (1)

CONSUMO MINIMO
CONSUMO EXCESO

I.V.A al 10 % BASE IMPONIBLE: 137,78

SUBTOTAL:

E.P.E. AGUAS DE GALICIA C.I.F.: Q1500378C

CANON DEL AGUA GALICIA - Desde 01/07/2012 (2)

	Cantidad	Precio unitario	Importe (€)	IVA (%)
CUOTA			78,11	
CONSUMO: Asimilado Doméstico	0,722	4,50	3,25	NS
Tramo 1	13	0,28	3,64	NS
Tramo 2	13	0,28	3,64	NS
Tramo 3	26	0,36	9,36	NS

As facturas proban que o canon da auga xa lles está sendo cobrado ás explotacións agrogandeiras a pesares das promesas da Xunta

poñerlle un novo imposto inútil e innecesario aos sectores agrogandeiros, xusto agora que están nunha situación crítica por mor, precisamente, do aumento dos custes de produción.

Por todo o devandito, dende o SLG animamos a todas as explotacións que se vexan afectadas polo cobro do canon a achegarse á súa oficina sindical para recibir asesoramento de cara a recorrer o cobro

Se a Xunta pretende realmente amosar o seu apoio aos diversos ao medio rural, tal e como afirma, debería comezar por retirar este inxusto trabuco que, sen dúbida, contribuíra ao peche de máis dunha explotación. Ademais, dende o SLG seguimos reclamando a derogación da Lei de Augas por privatizar e mercantilizar o dereito a beber e a vivir dos galegos e das galegas.

Medio Ambiente nega o cobro ao tempo que crea unha instancia para recorrela

Diante das denuncias do SLG, dúas foron as respostas da Consellaría de Medio Ambiente. A primeira foi pública, en forma de comunicado de prensa, negando que se estivese a cobrar o canon da auga.

A segunda resposta foi ao calado, cando diante das queixas do SLG, Augas de Galicia facilitou unha instancia para que as explotacións soliciten a exención unha a unha e por escrito. Deste xeito, a Xunta reconece que o canon se lle está a cobrar ás actividades agrarias.

Nace a Alianza Social Galega contra a demolición do estado de benestar

Constitúena case sesenta organizacións de todo tipo entre as que se atopa o Sindicato Labrego Galego

O 18 de outubro constituíase en Compostela a Alianza Social Galega (ASG), composta por case sesenta organizacións sociais coa intención de “dar-mos unha resposta colectiva ás nefastas

políticas antisociais que, seguindo os ditados da Unión Europea, están desenvolvendo os Gobiernos de Galicia e o Estado, con consecuencias moi graves para as condicións de traballo e de vida

da maioría social”. Entre os integrantes desta Alianza está o SLG, que ese día estivo representado pola responsable de Plataformas e Redes Sociais na Executiva, Lidia Senra.



Os e as representantes das organizacións elixiron a cidade de Compostela para presentar publicamente a constitución da Alianza Social Galega

Neste intre en que se estaba pechando este Fouce, as organizacións que constituíron a ASG estaban acordando a redacción dun manifesto que englobase as principais demandas da sociedade galega nun contexto de crise no que “as políticas que se están a aplicar “atenden só aos intereses dos mercados ou, o que é o mesmo, da banca e do capital financeiro internacional, que mediante o seu neoliberalismo depredador pretende minguar o noso estado do benestar”.

Os apuntamentos que estaban a dar forma ao devandito manifesto denuncian a suba do IRPF á clase traballadora, o falso incremento das pensións, a conxelación do salario mínimo, as retalladas nos soldos do funcionariado, o copagamento dos medicamentos, ou os recortes en sanidade, na educación, nas rendas de emancipación ou nas prestacións da dependencia.

Tamén mereceu un capítulo aparte nas críticas os orzamentos do Estado para o ano 2013, “que van traer máis paro e recesión, pois só prevén recortes no investimento e no gasto social co fin de obter recursos para financiar a débeda contraída polo rescate ao sistema bancario”.

Neste senso, “diminúen as partidas para dependencia, servizos sociais, medio ambiente, desenvolvemento ru-

ral, cooperación ao desenvolvemento (con consecuencias directas sobre as persoas máis vulnerables e sobre as políticas de loita contra a pobreza) e os programas destinados á loita contra a violencia de xénero e a promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes”.

Ademais, “coa modificación da Lei do Aborto anunciada polo Goberno español,

retrocederase máis de vinte anos no recoñecemento dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres”.

Dende o Sindicato Labrego Galego estamos a traballar para que a edición definitiva do manifesto da Alianza Social Galega inclúa análises da actual situación crítica pola que está atravesando o medio rural e as medidas e políticas que se fan necesarias para sacalo adiante.

14 de novembro: Folga Xeral Europea

Ao peche deste Fouce, os dous sindicatos maioritarios estatais (CCOO e UXT) convocaran unha folga xeral para o 14 de novembro; a CIG estaba á espera que de estas organizacións sindicais se decidisen a convocar esta mobilización, polo que o máis probable é que tamén a apoie. A data elixida cadrará con senllas folgas xerais en Grecia e Portugal, e se agarda que tamén se sume Italia; e nela se involucrarán ás máis de 150 organizacións que integran o Cumio Social no Estado e a todas as que compoñen a Alianza Social Galega.

O Sindicato Labrego apoiará calquera convocatoria unitaria de folga xeral, por entender que o medio rural e as actividades agrogandeiras están a ser dos sectores máis fortemente agredidos polas políticas neoliberais de retalladas: as escolas rurais, a atención médica de proximidade e a colectivos sociais desfavorecidos, as políticas de apoio ao agro ou os servizos públicos a explotacións, por exemplo, están a sufrir un proceso de demolición nunca visto nos corenta anos de democracia vivida no Estado español que merecen o noso máis absoluto rexeitamento.



Coñece os riscos. Pola túa saúde.

CAMPAÑA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NOS ALOXAMENTOS DE TEMPOREIROS/AS

CALOR



RISCOS

Moita calor = insolación, golpe de calor, desmaio.

PREVENCIÓN



Beber auga de cotío.



Manter a pel limpa.



Cubrir a cabeza con pucho.



Facer descansos breves.



Usar protección solar.

PRIMEIROS AUXILIOS PARA INSOLACIÓN



Chamar a un médico.



Protexer na sombra.



Dar de beber auga con algo de sal.



Afrouxar a roupa.



Pór compresas frías na cabeza

FRÍO



RISCOS

Moito frío = conxelación, hipotermia (perda de calor corporal).

PREVENCIÓN



Utilizar roupa de abrigo e luvas.



Usar calzado de abrigo e impermeábel.



Protexer as extremidades.



Protexer a cabeza con gorro.

PRIMEIROS AUXILIOS PARA CONXELACIÓN



Chamar ao médico.



Levar a un lugar morno e abrigalo.



Dar bebidas quentes con azucre sen alcol.



Evitar quentar de socato.



Se aparecen bóchegas, vendalas.

ANTES DE COMEZAR O TRABALLO PENSA CAL É A ROUPA MÁIS AXEITADA AO CLIMA



TLF URXENCIAS 112

www.coag.org



MINISTERIO
DE EMPLEO
Y SEGURIDAD SOCIAL

SECRETARÍA GENERAL
DE INMIGRACIÓN
Y EMIGRACIÓN
DIRECCIÓN GENERAL
DE MIGRACIONES



UNIÓN EUROPEA

Fondo Social Europeo
Invierte en tu futuro

Homenaxe aos colectivos cristiáns de base e ao seu papel na loita pola terra

No acto coincidiron persoas ligadas tanto ás orixes como ao presente do Sindicato Labrego Galego

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) e a Irmandade Moncho Valcarce homenaxearon aos colectivos de crentes galegos e galegas pola súa implicación nas principais loitas

sociais do noso país. A xornada de homenaxe tivo lugar na Eira da Xoana (Agolada), o pasado 22 de setembro, e nela descubriuse unha placa sobre un monolito de pedra que reza “En recoñe-

mento a todas as persoas e comunidades cristiás: leigas e leigos, cregos, monxas, frades e monxes, que ao longo da nosa historia, honraron a Terra nai, unindo cristianismo e galeguidade”.

Tras este acto cerimonial, que fora precedido por un xantar popular, máis dunha vintena de asistentes, presentados por Vitorino Pérez Prieto, tomaron a palabra para falar de galeguidade e cristianismo, das loitas vividas e as que aínda se manteñen abertas no presente.

Entre as voces que se puideron escoitar estiveron a da secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego, Isabel Vilalba Seivane, ou a da compañeira e asesora da Executiva Nacional do SLG, Tareixa Ledo Regal.

Tamén estiveron presentes persoas vinculadas aos Comités de Axuda á Loita Labrega (CALL) ou ás orixes das Comisións Labregas dende a década dos setenta como Gumersindo Campaña, Domingo Martínez, Antonio Oca ou Ramón Muñiz.



Ao descubrimento do monolito (arriba) seguiu a intervención de ducias de asistentes á homenaxe

Cata de tomates no mercado de Teo para promover os alimentos de tempada

O Sindicato Labrego e o Concello de Teo, no marco do mercado de alimentos labregos dos Tilos, celebrou, o 15 de setembro, unha cata de tomates de diversas variedades cultivadas no entorno da bisbarra compostelá.

As razas de tomate que se puideron saborear foron dende variedades tradicionais cuxa semente se conservou nas casas xeración tras xera-

ción, até outras que se comercializan con normalidade nas tendas.

Con esta iniciativa, SLG e Concello de Teo deron un novo pulo ao mercado dos Tilos despois do descenso de actividade do verán. Con iniciativas como a cata de tomates, téntase afianzar esta experiencia de venda directa que xa chega á vintena de postos nalgunha xornada.



Os e as asistentes á cata de tomates probaron unha ducia de variedades

Nais e pais contra o desmantelamento das escolas públicas no medio rural

Unha manifestación celebrada o 12 de setembro reclamou un ensino de calidade para a rapazada do campo

A Coordinadora Galega de Asociacións de Nais e Pais (ANPAs) do Rural organizou unha manifestación que, o pasado 12 de setembro, discorreu dende a praza do Obradoiro aos edificios administrativos

de San Caetano para denunciar, diante da Xunta, as retalladas que están a desmantelar as escolas públicas no campo galego. En todo momento, o Sindicato Labrego Galego amosou publicamente o

seu apoio ás reivindicacións desta plataforma. De seguido, transcribimos a versión íntegra do manifesto que se presentou diante da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.



Os pais e as nais da rapazada que está a sufrir os recortes nas escolas do rural realizou unha marcha de protesta en Compostela o 12 de setembro

Estamos hoxe aquí para manifestar a nosa oposición rotunda ao tratamento que dende a Consellería de Educación se lle está a dar aos colexios do rural.

Os recortes que a Consellería de Educación está levando a cabo, inciden directamente no deterioro da calidade da educación, afectando maiormente aos centros educativos do rural. A Consellería tomou a decisión de suprimir unidades e eliminar profesorado e especialistas atendendo ao número de alumnos e alumnas e non ás súas necesidades.

Para o curso que vén, os nosos fillos quedarán con menos profesores, sen o dereito a determinados especialistas e agrupados de 4 a 5 niveis nunha mesma aula.

Estamos ante unha clara situación de discriminación onde non se está a garantir o dereito á igualdade de oportunidades para os nenos e nenas da montaña e do rural. Moitos e moitas de nós vivimos en zonas que, mesmo nalgúns casos, están recoñecidas pola administración como zonas de “especial protección para fauna e flora” pero, desgraciadamente, esta especial protección non se aplica ás persoas que habitamos na montaña e no rural.

O oso debe ser protexido para que non marche das zonas onde habita, mesmo se loita para que regrese a lugares onde desapareceu, pero... ¿Que se fai para que os nenos e nenas non desaparezan da montaña e do rural?

A triste realidade é que a infancia e a xuventude son especies en perigo de extinción na Galicia rural e as administracións, lonxe de protexer-nos, atácanos sen piedade.

Sen os nenos e as nenas os nosos concellos morren. O peche dos colexios, ao que nos están abocando, é o golpe de graza para que desapareza definitivamente o rural.

Os nenos e nenas non son números, son o futuro, un futuro que temos que coidar para poder sobrevivir como pobo con entidade propia.

A Lei Orgánica de Educación (LOE), no seu título II, Capítulo II dedicado á “Compensación de desigualdades en educación”, establece no seu Artigo 82: “Igualdade de oportunidades no mundo

rural” que “As Administracións educativas terán en conta o carácter particular da escola rural a fin de proporcionar os medios e sistemas organizativos necesarios para atender ás súas necesidades específicas e garantir a igualdade de oportunidades”

As familias esiximos para os nosos fillos e fillas os mesmos dereitos que teñen os nenos e nenas doutros lugares: o acceso a unha educación digna, de calidade e con garantías de continuidade.

As familias esiximos medidas concretas para garantir a “igualdade de oportunidades” e poñer freo ao abandono do rural.

O manifesto continúa na páxina seguinte ➡

Os dereitos educativos dos nenos e nenas do agro galego

As familias xa estamos cansas de repetir unha e outra vez o que non queremos, así que agora pasamos a enunciar aquilo que defendemos: os dereitos dos nosos fillos e fillas:

1º Tódolos nenos e nenas teñen dereito a recibir na súa escolarización a atención de todos e cada un dos especialistas correspondentes en cada un dos ámbitos ou materias establecidas legalmente.

2º Tódolos nenos e nenas teñen dereito á calidade da educación e, atendendo a esta, os agrupamentos realizaranse sempre atendendo ás características e necesidades do alumnado e non tan só ao seu número.

3º Atendendo ás características especiais das zonas rurais e de montaña, e para cubrir ás súas necesidades específicas, os CEIP do rural teñen dereito a unha especial consideración establecéndose, para estes, unha ratio reducida.

4º No caso das Escolas Unitarias e dos CRAs precísase con urxencia dunha peculiar organización funcional enfocada á súa pervivencia, adaptada a cada realidade e coa máxima flexibilidade en ratios e en agrupamentos. Tal organización ten que basearse nun plan específico que se require para un xusto desenvolvemento no ámbito rural e, en todo caso, ten que asegurar a debida dotación de profesorado especialista e de apoio.


5º Seguindo un modelo de desenvolvemento global para o mundo rural a atención educativa e a dinamización sociocultural ten que garantirse dende o nacemento ata a etapa adulta. A atención á etapa 0-3 anos, así como a formación de nais-pais, require unha consideración prioritaria. No contexto galego é inconcibible e intolerable a actual decisión do peche de PRESCOLAR NA CASA, tratándose dun programa de extraordinaria influencia a tódolos efectos educativos e de dinamización. PnC sempre foi unha magnífica referencia a nivel galego. Con carácter urxente reclamamos a plena recuperación deste programa mundialmente recoñecido como modélico e que, durante 35 anos, veu sendo pioneiro en Galicia.

As familias que vivimos no rural queremos facelo con dignidade. As familias que vivimos no rural non somos galegos de segunda.

Queremos facer valer os nosos dereitos por tódolos medios que estean ao noso alcance e faremos chegar as nosas demandas ata onde sexa necesario.

Cando se trata de garantir os dereitos dos nosos fillos e fillas, cando se trata de loitar polo noso futuro, aí si que se nos ten que escoitar cunha soa voz.

Moitas grazas a todos os que nos estades apoiando. Grazas a todas e cada unha das persoas que estades aquí hoxe, a tódalas familias, a todos os veciños e veciñas, ás asociacións, aos colectivos, aos diferentes movementos sociais e a todos os que nos apoian e loitan polos dereitos dos nenos e nenas que son noso futuro. Grazas de corazón por compartir a nosa loita ■



A Xunta non construírá a incineradora no Irixo grazas á oposición veciñal

A oposición veciñal a que se constrúa unha incineradora no Irixo acadou que a Xunta de Galicia recuase, ao decidir que non vai seguir para adiante o proxecto. Así o facía público o conselleiro de Medio Ambiente, Agustín Hernández, o 25 de setembro.

Dende o Sindicato Labrego, denunciáramos o enorme impacto que tería a contaminación da incineradora, que afectaría directamente as explotacións agrogandeiras do Deza e do Carballiño nunha contorna duns cincuenta quilómetros, e obrigaría a botar o peche a todas aquelas que apostaron pola produción ecolóxica, que sería imposible nestas condicións. Para o SLG, a paralización do proxecto demostra que, cando a xente se

une e fai forza para oporse a despropósitos coma este de construír unha nova incineradora de lixo no sur de Galiza, o esforzo e sacrificio das mobilizacións acaban obtendo o seu premio.

A Coordinadora Incineradora no Irixo NON amosou a súa satisfacción mais, en palabras do seu portavoz, Alberto González, “seguimos preocupados por unha política de residuos coa que non estamos de acordo. Trasladar o problema dun sitio a outro non é solución ningunha”. Dende este punto de vista, a opción elixida, finalmente, pola Xunta de Galicia, será a de ampliar as instalacións de Sogama en Cerceda, en troques de apostar por outros xeitos de tratar o lixo máis sostibles.

LABREGOS GALEGOS

vendemos

Todo tipo de maquinaria agrícola e vinícola.

Depósitos. Despalilladoras.

Abonos ecolóxicos e orgánicos, pelletizados e solubles.

Químicos. Carbonato cálcico. Cepas.

Chegou a hora dos pequenos e medianos agricultores.

Non dubides en consultarnos. Descontos especiais para afiliados e afiliadas do Sindicato Labrego Galego

Estamos en Ponteareas e vendemos para toda Galiza.

Máis información en www.labregosgalegos.com ou chamando ao 652 943 188

Primo de Barreiros, un pioneiro do Sindicato Labrego Galego

por Pepa Bahamonde

Estamos en Ribadeo, entre os anos 1976 e 1979. Durante este período tiven o meu destino no Colexio Público de Ribadeo. Estabamos en pleno período da Transición, nada estaba decidido sobre o futuro político do país e todo estaba sen facer, especialmente dende a perspectiva do nacionalismo. Encadrada nas filas da UPG, representaba en Ribadeo a todas as organizacións patrióticas que o Partido empezaba a construír, dende o ensino (UTEG) ata os CALL (Comités de Axuda a Loita Labrega), pasando pola AN-PG. Todas estas organizacións eran incipientes xaramolos, especialmente na zona Ribadeo.

Entre todas as organizacións nacionalistas, o Sindicato Labrego Galego foi o que conseguiu ter máis forza na zona (na zona, non en Ribadeo, xa que o nacionalismo, entón como hoxe, estaba dividido e, no concello de Ribadeo, o que eu conseguía organizar un día nunha asemblea, ao día seguinte ían os do SAGA -o outro sindicato nacionalista- e desfacíanlo. E así se anulaban esforzos en lugar de sumar forzas).

Afortunadamente en Barreiros, non só non se malgastaron os esforzos colectivos, senón que apareceron persoas como Primo que traballaron polo Sindicato e conseguiron que tivera moita forza na zona. Como membro dos Comités, eu non tiña nin idea do que representaba ter unha explotación agraria, os problemas derivados do traballo no campo e, moito menos aínda, coñecía a mentalidade dos labregos para dirixirme a eles acertadamente.

Primo, un labrego profundamente implicado no medio e coñecendo perfectamente tanto a situación do mundo no que se movía como a forma de pensar da xente, sabía perfectamente o que tiña que dicir en cada momento.

Primo cre inmediatamente no proxecto do Sindicato como ferramenta dos

labregos para defender os seus intereses, integrouse no mesmo e traballou constante e desinteresadamente para que os labregos mellorasen as súas condicións de vida. Nas asembleas tiña a capacidade de moderar os tons elevados que ás veces se daban e coa súa voz pousona e tranquila encanar os debates e dirixilos á orde do día.

Co seu traballo conseguíuse que na zona da Mariña se levase adiante unha loita moi forte en contra da Cota Empresarial da Seguridade Social Agraria, que comezou no ano 1977. Sen embargo, no ano 1978 non se participa na Folga do Leite porque nunhas asembleas moi numerosas que se levaron adiante pola zona, colectivamente así o decidiron os propios labregos.

Primo foi o principal artífice do Sindicato Labrego na Mariña Lucense. Non só se integrou no Sindicato, senón que tamén foi concelleiro do BNG no concello de Barreiros. A súa identificación co nacionalismo era moi forte e, aínda que con discrepancias con respecto a algunhas prácticas institucionais máis adiante, **s e g u i u s e m p r e c r e n d o**

e defendendo o nacionalismo como alternativa política. Persoas coma el conseguiron non só que o Sindicato Labrego tivera moita forza, senón tamén que o nacionalismo chegara a todos os currunchos do país e que na práctica tivera representación por toda Galiza

Eu que tiven a sorte de ser compañeira súa na defensa dos intereses colectivos e contar cun amigo ata o final, aproveito as páxinas que me brinda o Sindicato Labrego para facer recoñecemento público dun traballo, feito sen ningún medio, só coa mellor vontade do mundo e unha disposición persoal sen restricións, dedicándolle moito

tempo e esforzos coa esperanza de conseguir unha Galiza mellor nun mundo mellor.

Cos meus desexos de que por toda Galiza sigan aparecendo persoas como Primo.



Marchas dende toda Europa inician a loita por unha PAC labrega e cidadá

A Coordinadora Europea da Vía Campesina compartiu as súas demandas co comisario Dacian Ciolos

A Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) participou no desenvolvemento da Marcha por unha boa alimentación e unha boa agricultura que, partindo de diversos puntos de Europa a finais de agosto, rematou en Bruxelas o 19 de setembro coincidindo coa celebración do 50 aniversario da Política Agraria Común (PAC). Neste marco, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, tivo oportunidade de dialogar co comisario europeo de Agricultura, Dacian Ciolos sobre a reforma da PAC que se comezará a xestar este outono.

A Marcha por unha boa alimentación e unha boa agricultura comezou en países tan dispares como Alemaña, Francia Inglaterra ou Holanda; e propiciou accións reivindicativas en cidades como Roma, Bucarest, Namur ou Viena.

Aínda que foron oito as organizacións que puxeron en marcha esta iniciativa, ao final máis dun cento de colectivos sociais de toda Europa, tanto labregos como cidadáns, apoiaron de diversos xeitos. Todo este esforzo tiña por obxectivo confluír en Bruxelas aproveitando os actos organizados polo 50 aniversario da PAC, entre o

18 e o 19 de setembro, para reivindicar prezos xustos nos alimentos, tanto para as explotacións labregas como para a cidadanía, e soberanía alimentaria.

■ **O dato. Organizacións convocantes:** Agricultural and Rural Convention (ARC 2020), European Milk Board (EMB), Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC), Amigos da Terra Europa, International Federation of Organic Agriculture Movements (IFOAM), Meine Landwirtschaft, Groupe PAC 2013, Slow Food.

Encontro con Ciolos para pedir que os cartos do agro vaian á agricultura labrega

Días antes, o 16 de setembro, a secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, estivo, xunto a outras persoas da Executiva da ECVC, nun dos postos informativos que se instalaron no Parlamento Europeo polo aniversario da PAC. Alí, puideron falar co comisario de Agricultura, Dacian Ciolos. Unha das cuestións tratadas foi a importancia de regular as marxes de beneficio na cadea alimentaria. Para Vilalba, “isto é fundamental de cara a que os diversos axentes implicados na produción de alimentos poidan vivir dignamente do seu traballo”.

Neste senso, no encontro tamén se tratou a problemática ligada á volatilidade dos prezos agrarios provocada pola especulación e o impacto directo que está a ter na renda das explotacións labregas. Isabel Vilalba lembrou que isto se está a traducir nunha escalada imparabile no custe dos cereais e, polo tanto, na alimentación animal, “o cal fai minguar aínda máis unhas rendas que, no meirande das explotacións, non cobren os custes de produción”.

Outra das cuestións sobre as que faláron Ciolos e a



Dúas imaxes da chegada das marchas a Bruxelas: arriba, pancarta da Vía Campesina; abaixo, o comisario de Agricultura, Dacian Ciolos, cando lle fixeron entrega da táboa reivindicativa labrega e cidadá

comitiva da Coordinadora foi o orzamento da nova PAC e o temor a que sufra tamén as retalladas que xa se deron noutros sectores. Respecto disto, dende a ECVC falóuselle a Ciolos da importancia de que o meirande deses cartos non vaian para grandes

terratenedores e empresas; e, pola contra, se destinen a apoiar as pequenas e medianas explotacións, que son as que realmente manteñen un mundo rural vivo e habitado e as que xeran postos de traballo e riqueza no medio rural.

A Vía Campesina achega as súas demandas sobre diversidade biolóxica

Mentres os líderes mundiais se reunían en Hyderabad (India), a mediados de outubro, na Conferencia das Nacións Unidas sobre Diversidade Biolóxica (CBD nas súas siglas en inglés), a Vía Campesina denunciaba que se está tentando arrincar das mans das comunidades e familias labregas, pescadoras e indíxenas a biodiversidade para deixala en mans das grandes corporacións que se queren facer co seu control só con fins lucrativas e comerciais.

A Vía Campesina critica que na CBD debaten sobre tecnoloxías arriscadas, non testadas e non debatidas, como novos tipos de bioloxía sintética, cultivos manipulados xeneticamente e xeoenginearía. Tamén denuncia a biopiratería de empresas que “rouban a nosa biodiversidade local e a comercializan para lucrarse”. Por iso, “cómpre rematar coas patentes sobre a natureza”.

Diante desta ameaza, a Vía Campesina propuxo diante da CBD:

- Prohibir a introdución e o cultivo de sementes manipuladas xeneticamente.
- Eliminar gradualmente o uso de pesticidas químicos.
- Pasar do uso de fertilizantes sintéticos ao dos métodos da agroecoloxía.
- Rexeitar a proposta da mal chamada Economía Verde, que pretende por un prezo á natureza e ás súas funcións.
- Afimar e manter a moratoria sobre a tecnoloxía Terminator e a moratoria sobre a xeoenginearía.
- Aplicar urxentemente unha moratoria sobre a bioloxía sintética.

Comeza o proceso de creación dunha carta de dereitos labregos na ONU

O traballo da Vía Campesina foi fundamental para impulsar esta resolución das Nacións Unidas

O 27 de setembro, a Vía Campesina acada en Xenebra (Suíza) que a Organización das Nacións Unidas (ONU) se decidise a protexer mellor os dereitos das labregas e dos labregos de todo o mundo.

En concreto, ese día o Consello de Dereitos Humanos da ONU adoptaba unha resolución titulada “Promoción dos dereitos humanos dos labregos e outras persoas que traballan nas zonas rurais”.

A través desta resolución, preténdese que a ONU reúna nun só texto os dereitos específicos do campesiñado, integrándose algúns novos como o dereito á terra, ás sementes, aos medios de produción ou á información no ámbito agrícola.

Desta maneira, fíxose un grande avance dende que, no ano 2008, a Vía Campesina comezase a reclamar esa declaración específica das Nacións Unidas que recoñeza os dereitos dos labregos e das labregas “non só para defender os seus propios intereses, senón porque están en xogo a alimentación mundial, e as loitas contra a fame e a pobreza”.

O Consello de Dereitos Humanos da ONU implicouse neste proceso en resposta á crise alimentaria de 2007-2008, e tendo en conta que o 80% das persoas que padecen fame viven en zonas rurais, e un 50% delas traba-



O coordinador xeral da Vía Campesina, Henry Saragih (á dereita) no intre de comparecer ante o Consello de Dereitos Humanos da ONU

llan pequenas explotacións labregas. A través da protección dos seus dereitos fundamentais específicos, quérese contribuír a reducir a fame no mundo.

Para elaborar esta resolución, o Consello de Dereitos Humanos creou un grupo de traballo que se comezará a reunir en 2013 e desenvolverá o seu traballo durante os vindeiros anos.

A Vía Campesina lamentou o voto negativo a elaborar esta resolución por parte dos Estados Unidos e dalgúns países da Unión Europea entre os que se atopa España. A Vía Campesina denunciou a presión por parte de grandes grupos económicos, industrias agroalimentarias e extractivas, e especuladores para influír na oposición destes estados.

A Vía Campesina no Comité de Seguridade Alimentaria Mundial

Unha delegación de labregos e labregas da Vía Campesina participou na 39ª sesión do Comité de Seguridade Alimentaria Mundial (CSA) en Roma, que se desenvolveu entre o 15 e o 20 de outubro. Os e as representantes da Vía Campesina defenderon o papel das explotacións agrícolas sostíbeis a pequena escala como o mellor xeito para poder alimentar a toda a poboación mundial.

Esta posición serviu de contrapunto a algunhas empresas, lexisladores e expertos que sosteñen que a solución á fame no mundo está no agronegocio. Nembargante, a realidade

amosa que a produción industrial de alimentos só achega unha pequena porcentaxe da mantenza para a humanidade, xa que máis do 70% da poboación mundial consome alimentos producidos en pequenas explotacións (agrícolas, gandeiras e pesqueiras).

Ademais, o agronegocio e a especulación que xenera está a resultar nefasto para as pequenas explotacións, pois dificultan o seu acceso á terra, controlan os mercados impondo prezos ruinosos, reducen o dereito de acceso ás sementes, introducen agroquímicos á forza, etcétera.



Comezan as mobilizacións por outra PAC no Estado Español

A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba, viaxou a Madrid, o pasado 18 de setembro, para participar nunha acción reivindicativa da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG). O acto consistiu na entrega de máis de 5.000 quilos de produtos básicos de orixe labrega ao Banco de

Alimentos como leite, azucre, aceite, froita e hortalizas, etcétera.

Desta maneira, todas as organizacións agrarias que integran a COAG presentaban unha campaña de mobilizacións que se desenvolverá en todo o Estado de cara a loitar por esa nova PAC cívica e labrega.



Cumio Andino sobre Reforma Agraria e Soberanía Alimentaria

Entre o 11 e o 13 de setembro, 200 delegados e delegadas de Colombia, Ecuador, Venezuela, Perú e Bolivia acudiron ao Cumio Andino sobre Reforma Agraria e Soberanía Alimentaria, organizado en La Paz por Vía Campesina e a Coordinadora Latinoamericana de Organizacións do Campo (CLOC).

Do cumio xurdiu o compromiso de seguir traballando en fronteiras como a formación; a articulación das mulleres e da mocidade; a recuperación de variedades locais de sementes; a defensa da auga e da biodiversidade; ou a loita contra os agrotóxicos, os OXMs, e a concentración especulativa da terra.

Dende o Sindicato Labrego Galego (SLG), desexamos manifestarlle o noso apoio ao Sindicato Andaluz de Trabajadores (SAT) e aos seus representantes no seu labor de reivindicación de medidas políticas que garantan os dereitos básicos e unha vida digna para toda a cidadanía.

Tanto o SLG como o SAT coinciden na necesidade de defender a terra para que se podan crear empregos de calidade na produción de alimentos, na defensa de servizos públicos universais e de calidade ou en que se derroguen todos os recortes que están a empobrecer á maioría da poboación.

A defensa que fai o SAT de bens tan esenciais como o acceso aos alimentos, o acceso ao emprego de calidade, o acceso á vivenda ou a uns ingresos suficientes para ter unha vida digna son cues-

Apoio ás accións reivindicativas do Sindicato Andaluz de Trabajadores

tións de auténtica xustiza. Por isto, o SLG quere denunciar tamén a campaña de desprestixio e de criminalización que se está facendo da loita das organizacións sociais e, nomeadamente, das accións do SAT, neste contexto no que miles de persoas e familias están a vivir momentos de gran dureza.

Isto contrasta coa impunidad na que desenvolven as súas accións os especuladores e os responsables da crise actual, tales como as entidades bancarias que estafaron a miles de persoas e de familias. Pensemos nos 23.000 millóns de euros que se lle entregaron a BANKIA, ao

tempo que os seus directivos foron premiados con contratos blindados. Todo isto mentres 1.737.600 fogares en España non teñen ingresos, 2.200.000 de nenos e nenas viven baixo o limiar da pobreza, se deixa a persoas sen acceso á sanidade, se precariza o ensino público, se acaba coa Lei de Dependencia ou os pensionistas deben pagar os medicamentos.

A través dos recortes, preténdese que o diñeiro público pague as débedas dos bancos e inmorais indemnizacións multimillonarias aos seus directivos, precarizando a sanidade, a educación, os servizos sociais...

E iso sen contar co acaparamento de terras que denuncia o SAT, pois é un problema fundamentalmente enraizado en Andalucía, onde segue a haber terratenentes que posúen o meirande das agras e as teñen en estado de abandono, como fincas de recreo ou coutos de caza. Por exemplo, en 1977, a cuarta parte das terras andaluzas eran propiedade de 229 cortijos de familias terratenentes, que posuían unha media de 2.500 hectáreas cada unha. Hoxe, a metade das terras cultivables seguen en mans do 2% dos propietarios.

A loita do SAT é, polo tanto, absolutamente lexítima e necesaria. Por iso, dende o SLG, esiximos que se acabe coa represión sindical e se deixe en liberdade sen cargos ás persoas detidas simplemente por querer un futuro digno para toda a cidadanía.

Cañete responde ás mobilizacións do sector lácteo cun contrato obrigatorio sen prezo

O SLG seguirá loitando para que o valor do leite cubra os custes de produción e se negocie de xeito colectivo

O 4 de outubro, púñase un punto e seguido a tres meses de mobilizacións e xuntanzas negociadoras en todo tipo de institucións para denunciar a inxustiza de que sexan as explotacións galegas as que

perciben polo leite un dos prezos máis baixos da Unión Europea e do Estado. Ese día celebrábase unha grande manifestación gandeira en Compostela que rodeou a sede da Xunta de Galicia, xusto

un día despois de que o Ministerio de Agricultura aprobase un paquete lácteo que nace envolto de polémica, xa que fai obrigatorios os contratos pero sen garantir prezos dignos.

A campaña reivindicativa comezaba a mediados de xullo, cunha rolda de contactos a nivel municipal para implicar aos gobernos locais das principais comarcas gandeiras de Galiza. Así, achegáronse mocións de apoio ao sector aos plenos e se mantiveron encontros cos edís en capitais de bisbarras como Ordes, Carballo, Lugo, Betanzos, Vilalba, A Mariña, Arzúa, Melide, Monforte, Chantada, Sarria, Lalín e Santa Comba.

Nas mocións presentadas, amais de achegar unha análise técnica da crise que está a sufrir o sector lácteo na Galiza, facíanse tres peticións: en primeiro lugar, instar á Xunta para que esixise aos ministerios de Agricultura e Economía que atallasen a entrada masiva de leite francés e alemán a baixo custe. Despois, implicar ao presidente Feijoo para que liderase o impulso de normativas que regulasen o contrato lácteo ou a negociación colectiva de prezos. Finalmente, pedir aos alcaldes e alcaldesas dos concellos gandeiros que lle trasladasen á Consellaría de Medio Rural a necesidade de reforzar os orzamentos destinados a modernizar as explotacións e de impulsar accións para solucionar o problema da base territorial das explotacións.

A pesares de ter un amplo apoio por parte dos gobernos municipais, estas demandas non foron escoitadas pola Xunta de Galicia, polo que as tres organizacións agrarias decidimos pasar ás mobiliza-



Na xuntanza co Ministerio de Agricultura do 28 de agosto, Isabel Vilalba, Andoni García e Charo Arredondo (en primeiro termo) esixiron a Arias Cañete medidas urxentes para garantir prezos dignos para o leite en orixe

cións, que se habían de facer en dúas fronteas. Por unha banda, denunciar nas grandes superficies comerciais a venda de leite a perdas como reclamo comercial e, por outra, botarnos ás rúas das principais comarcas leiteiras para denunciar, diante de toda a sociedade galega, a peor crise do sector lácteo galego e aos seus responsables directos: as industrias, as distribuidoras e aos gobernos da Xunta e do Estado. Así se distribuiu a campaña:

■ **10 de agosto:** manifestación en Ordes.

■ **27 de agosto:** manifestación en Chantada.

■ **31 de agosto:** manifestación en Vimianzo.

■ **7 de setembro:** manifestación en Vilalba.

■ **12 de setembro:** manifestación en Santa Comba.

■ **14 de setembro:** manifestación en Lalín.

■ **20 de setembro:** denuncia de bricks de leite *Campo Nuestro* vendidos a 48 céntimos en Gadis, e *Bomilk* a 49 céntimos en Eroski. Ambas en Lugo.

■ **26 de setembro:** denuncia de cartóns de leite *Finessa* vendidos a un prezo de 51 céntimos en LIDL (Lugo).

■ **4 de outubro:** manifestación en Compostela e xuntanza das tres organizacións agrarias co director xeral de Producción Agropecuaria da Xunta, José Álvarez Robledo.

A crise en cifras

■ **Prezo medio do leite na Galiza:** 28 céntimos / litro (máis de 6.000 explotacións están a vender o leite a 27 céntimos e menos). Prezo medio noutros países: Asturias: 32 céntimos / Andalucía: 33 céntimos / Reino Unido e Francia: 32,5 céntimos.

■ **Custes de produción medios na Galiza:** 37 céntimos

■ **Explotacións pechadas no Estado no último ano:** 1.000 (a metade son galegas)

■ **Cartos que perdeu de ingresar o sector leiteiro galego, no último ano, polo diferencial de prezos:** 40 millóns de euros.



Diversas instantáneas das mobilizacións. Arriba, manifestación e tractorada en Santa Comba; abaixo, Isabel Vilalba Seivane nun acto de denuncia de leite vendido a perdas nun Gadis e multitudinarias protestas en Lalin

O Ministerio debe obrigar a negociar prezos dignos á distribución e industria

Un dos momentos clave nestes meses de tirapuxas entre a clase política e as explotacións lácteas foi a xuntanza mantida entre o Ministerio de Agricultura e a Interprofesional Láctea (Inlac), o 28 de agosto, en Madrid. Por parte do SLG asistiu a súa secretaria xeral, Isabel Vilalba, xunto a Charo Arredondo e Andoni García, da Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG).

Dende o Sindicato Labrego, urxíuselle ao ministro de Agricultura, Miguel Arias Cañete, a facer realidade “medidas obrigatorias que acaben coa práctica habitual do sector da distribución e da industria de imporlles ás produtoras e produtores de leite prezos por debaixo dos custos de produción, no marco de guerras comerciais entre as distintas cadeas”.

A secretaria xeral do SLG sinaloulle a Cañete a necesidade de que toda a distribución e a industria se comprometan con carácter inmediato na suba do prezo do leite que se paga ás gandeiras e gandeiros, debido á insustibilidade dunha situación na que os concentrados para alimentación animal custan arredor do 130% en relación co valor do leite.

■ Disposición do grupo Asedas a que suba o prezo en orixe

Un dos froitos positivos deste encontro foi o anuncio do grupo Asedas (Mercadona), de chegar a un acordo coa industria para subir o prezo do leite en orixe en setembro. A pesar disto, o SLG cualificou como decepcionante que a industria e a maioría da distribución seguisen sen concretar acordos para subir os prezos. Por iso, Vilalba reclamou de Cañete que o Ministerio de poña en marcha medidas que obriguen a industrias e distribuidoras a respectar un prezo mínimo digno.

Para o SLG, a actuación do Ministerio non pode limitarse a pedir boa vontade da distribución para que deixe de impor prezos ruinosos, posto que hai claras ilegalidades que deben ser perseguidas e sancionadas. Neste senso, o SLG denunciou que a distribución impón prezos de venda que obrigan a vender a perdas; que hai acordos das industrias, recoñecidos pola Comisión da Competencia, para impor eses valores ruinosos; ou a entrada de leite francés a 26 céntimos, cando cos prezos que se paga o leite en Francia, máis o custe do transporte, é imposible que baixe de 33,50 céntimos.

O SLG pide unha moratoria na obrigatoriedade dos contratos

A principal manifestación desta campaña acontecía en Compostela, o 4 de outubro. Un día antes, entraba en vigor un paquete lácteo que, de primeiras, debería ser positivo para o sector. Mais veu envolto na polémica pola precipitación do Consello de Ministros en aprobalo, probablemente en vista das Eleccións Galegas.

Entre outras medidas, aprobouse o contrato obrigatorio para a compra-venda de leite no sector. O SLG denunciou que isto pode “afondar aínda máis na crise de prezos” xa que, “non existen mecanismos de negociación deses prezos nin garantía de que cubran, como mínimo, os custos de produción”. De feito, o paquete lácteo publicouse sen que fosen establecidos uns índices de referencia para fixar os prezos, e sen que rematase o proceso de constitución das organizacións de produtores lácteos (OPLs) para negociar os.

Na súa intervención diante dos e das manifestantes, Isabel Vilalba Seivane advertiu que “se poñen en marcha o contrato obrigatorio na conxuntura actual, fixará unhas condicións ruinosas para o sector. É o único que nos fai falta, que nos obriguen a asinar a nosa ruína”. Por iso, Vilalba avogou nunha xuntanza mantida co director xeral de Producción Agropecuaria, José Álvarez Robledo, por unha moratoria na obrigatoriedade dos contratos mentres non se garanta a negociación colectiva de prezos xustos para o sector.



A Dirección da Carne traballa para plantar cara á crise e á reforma da PAC

O 21 de setembro, reuníase a Dirección da Carne do Sindicato Labrego en Lugo. Da apertada axenda que tiveron ese día, salienta a aprobación dunha táboa reivindicativa que marcará o traballo do que queda de 2012, e dos vindeiros anos. Nela, recóllense demandas de vello aínda incumpridas, así como unha especial atención á reforma da Política Agraria Común (PAC).

Na Galiza, as reivindicacións do SLG para o sector da carne de vacún están moi orientadas a facerlle fronte á crise que vive o sector:

- Que a carne que se vén de fóra cumpra coas mesmas condicións que se nos esixen a produtores e productoras da Unión Europea.

- Que as explotacións teñan acceso á base territorial que precisen para ser viábeis. Neste senso, deter a forestación de terras agrarias e promover o cultivo de cereais para alimentar ao gando en troques de agrocarburos. Que se cumpra a lexislación de trazabilidade.

- Poder facer sacrificios de urxencia nos matadoiros.

- Axudas efectivas para paliar os danos da seca, xa que as articuladas até o de agora resultaron insuficientes e inútiles.

- Fomento do consumo da carne galega fronte á foránea en carnicerías e institucións, apostando polo pequeno comercio fronte ás grandes áreas comerciais que venden carne a perdas.

- Control das pesadas nos matadoiros para que deixen de roubarnos. Respecto disto, acordouse pedir unha xuntanza cos responsables de industrias agrarias para que inspeccionen e precinten as básculas dos matadoiros.

En canto á Política Agraria Común:

- Participar activamente nas mobilizacións por un nova agricultura na UE arredor da soberanía alimentaria, para que a agricultura sexa feita a medida das persoas e non para especular.

- Manter a intervención pública e almacenamento privado para a carne de vacún. Que as axudas directas sirvan para compensar a diferenza dos prezos cos custos de produción.

Outra das cuestións das que se falaban foron os danos da fauna salvaxe. Acordouse, de cara a abordar esta problemática, esixir que se eliminen os refuxios de caza en terras cultivábeis e que se indemnicen os danos.



Segue o xuízo a Lácteos Tambre, que acumula tres sentenzas en contra

O 10 de setembro, tiña continuidade o proceso xudicial contra Lácteos Tambre polos impagos a varias explotacións de diversas bisbarrias galegas, con tres novas vistas orais. Asesoradas polos servizos xurídicos do Sindicato Labrego Galego, foron seis explotacións as que se atreveron a denunciar a esta empresa de Oroso por facturas pendentes de pago de finais de 2010 e comezos de 2011.

Tralas denuncias interpostas, tres dos xuízos se saldaban con fallo favorable a favor das explotacións denunciadas, a finais de 2011, obrigando a Lácteos Tambre a saldar a débeda contraída con elas so pena de serlle embargados todos os seus bens e contas bancarias. Nembarante, segundo explicou Isabel Vilalba, Lácteos Tambre declarou non ter bens nin ingresos para evitar o embargo, a pesares de que na factoría de Penateixa séguese traballando baixo nomes como Lácteos Merza.

- As explotacións comezan a cobrar mentres o dono da empresa pasea en Jaguar

Así e todo, esta argallada non lle saiu ben á empresa, pois a Axencia Tributaria re-teulle as devolucións de car-

tos que tiña ao seu favor para saldar as débedas que mantén coas explotacións. Grazas a isto, xa se iniciou o cobro de parte dos cartos, de maneira que os gandeiros e gandeiras afectadas comezan a colleitar os froitos da súa loita nun intre que ese diñeiro lles vén ben, diante da difícil situación económica xerada pola crise que hai no sector.

Respecto disto, a secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego expresou a súa confianza en que “a xustiza esclareza estas artimañas legais que impiden que moitas explotacións poidan cobrar o seu leite. Non podemos consentir que esta empresa, calquera que sexa o seu nome, non pague o leite recollido mentres o seu dono segue a pasearse nun Jaguar”.

- Un proceso iniciado hai ano e medio

As denuncias interpuxéronse formalmente ante os xulgados de Ordes, o 5 de maio de 2011, tras fracasar todas as vías de negociación e facilidades de pagamento acordadas entre os gandeiros e gandeiras afectadas e a empresa, e tras recibir ameazas por parte desta con ser os últimos en cobrar se se atrevían a denunciar.

A pesares da escasa colleita, o prezo da uva segue estancado ou á baixa

As grandes adegas esgrimen os excedentes pola caída do consumo para non revalorizar o vendimado

Aínda que a diversidade vitícola galega fan imposible facer unha foto fixa de calquera vendima, se tivesemos que buscar uns denominadores comúns nesta do 2012, estes serían unha caída da cantidade recollida por mor da seca, os prezos iguais ao ano pasado ou máis baixos, e o impacto da crise no sector en forma de baixada do consumo de viño. Mais para entrar en detalle, o mellor é escoitar a voz das persoas que viviron esta colleita a pé de viña.

■ Ribeiro

A denominación de orixe Ribeiro é, se cadra, onde se deron de xeito máis acusado os denominadores comúns dos que falabamos. Cunha colleita de 12.800.000 quilos, o responsable da Dirección do Viño do SLG, **Bernardo Estévez**, que traballa os seus viñedos en Arnoia, cifrou a caída da produción nesta zona entre o 35% e o 40% con respecto ao ano pasado. A pesares de haber menos cantidade, e de ser mellor a calidade, “houbo baixada nos prezos da uva, mesmo nas castes autóctonas e de calidade. A Treixadura, por exemplo, pagouse entre 80 e 90 céntimos o quilo, o que supón case 40 céntimos menos con respecto á vendima pasada”.

Semella que a crise no consumo de viño, e o feito de que haxa almacenados aínda 6 millóns de litros da vendima pasada, están detrás destes prezos á baixa. Bernardo explica que “pecharon varias adegas e só están resistindo dúas ou tres grandes que teñen capacidade para exportar e para mover grandes volumes de viño. Se esta tendencia segue, estas grandes adegas acabarán monopolizando boa parte da compra de uva no Ribeiro e terán moito máis poder para impoñer prezos á baixa”.

■ Rías Baixas

Na denominación de orixe Rías Baixas aconteceu algo semellante á do Ribeiro, cunha cunha caída na produción do 60%. Pasouse do récord do ano pasado, con 41 millóns de quilos colleitados, moitos fóra de cupo; ao 17 millóns este ano. O que se perdeu en cantidade, gañouse en calidade.

Nesta denominación de orixe, houbo un principio de entendemento na mesa do viño mais, segundo a vices-responsable da Dirección do Viño do Sindicato Labrego Galego, **Elisa Buceta**, que traballa os seus viñedos no Salnés, “non se chegou a ningún acordo fiable, pois só aceptaron unhas poucas adegas e a grande maioría non asinou”.

Así, a uva Albariño págase este ano entre 90 céntimos e 1’40 euros, dependendo da calidade e grao. “O prezo baixou moito, pero mesmo os prezos pactados están no ar. De feito, no meirande dos casos entregas a uva sen saber canto che van pagar finalmente por ela”.

Tamén nesta zona hai viño almacenado do ano pasado, por mor dos excedentes xerados por unha colleita desmesurada con moita uva fóra de cupo. E ese exceso de colleita “é un lastre para nós”, sen-tencia Elisa.



■ Ribeira Sacra

En Ribeira Sacra, a vendima deste ano caracterizouse pola estabilidade. Aínda que se baixou un pouco en cantidade –apañaron 5.500.000 quilos (o meirande Mencía)- houbo boa calidade e os prezos se mantiveron estábeis “aínda que é previsible algún axuste á baixa debido á crise e en variedades que non interesan, de cara a primar as castes autóctonas”, explica Primitivo Lareu, vocal do SLG no consello regulador. De feito, asegura Primitivo, “houbo algún caso no que baixaron entre 10 e 15 céntimos por quilo. Aínda así, e a pesares de que hai menos movemento no mercado, a crise non se notou tanto no consumo de viño Ribeira Sacra e a Mencía estase a pagar a un prezo medio de 1 euro, como o ano pasado”. De todos xeitos, “no futuro é previsible que os prezos vaian á baixa, pois as grandes adegas que recollen a maior parte da uva plantaron moita superficie de viñado e cada vez son máis autosuficientes e mercan menos uva de colleiteiros”.

■ Valdeorras

Tamén en Valdeorras caeu a colleita por mor da seca. Entre un 20% e un 30%, asegura Antonio García Fernández, vocal do SLG no consello regulador. 5.500.000 quilos con prezos semellantes aos do ano pasado. Aparte da falla de choiva, Antonio achaca a mingua na produción ao esgotamento dalgunhas cepas. A estabilidade nos prezos traducíuse nunhas cotizacións medias 1 euro para a Godello e 70 céntimos para a Mencía. Para Antonio, “a baixa produción puido axudar a que se mantivesen os prezos”.

■ Monterrei

A nota discordante púxo a Monterrei, onde houbo unha colleita récord de 2.600.000 quilos, con boa calidade. Segundo Francisco Pérez Diéguez, viticultor de Mandín (Verín), “a falla de auga foi suplida pola choiva das últimas semanas”, e apunta unha curiosidade: “ao haber eleccións, este ano non houbo inspeccións da Seguridade Social. Vese que os políticos non queren ter problemas cos viticultores”.

Novas evidencias sobre o perigo dos transxénicos para a saúde humana

Un experimento científico demostra que a inxesta continuada de millo manipulado pode producir cancro

O Sindicato Labrego Galego ergueu a voz de alarma diante dos estudos publicados pola Universidade de Caen (Francia), que demostraron que o millo transxénico NK-603 produce tumores


canceríxenos que, en varios casos, se saldaron coa morte das cobaias que o consumiron. Por este motivo, o SLG pediu que se estableza unha moratoria que prohiba no Estado español o cul-

tivo dos transxénicos ou o seu uso alimentario -sexa para persoas ou animais- como xa teñen feito outros países da Unión Europea como Francia, Austria, Alemaña, Grecia ou Hungría.

Á luz dos resultados dos estudos da Universidade de Caen, resulta alarmante que, en 2011, a superficie de transxénicos cultivada no Estado Español ascendese a 100.000 hectáreas; ou que o 15% dos alimentos para as persoas que conteñen soia ou millo están contaminados con OXMs, segundo a Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (Aesan).

Ademais, na Galiza, hoxe en día é case imposible alimentar á nosa cabana gandeira con pensos libres de transxénicos, que están presentes na case totalidade dos cereais e concentrados para alimentación animal que se comercializan ou fabrican no noso país.

Diante das evidencias do estudio de Caen, os nosos gobernantes non poden ignorar por máis tempo os efectos nocivos que os transxénicos



As cobaias do experimento, alimentadas co millo manipulado xeneticamente NK-603, desenvolveron enormes tumores canceríxenos

poden ter na saúde das persoas e dos animais. A maiores, habería que denunciar tamén os efectos antisociais e medioambientais: A autorización de variedades transxénicas no campo é fatal para os labregos e as labregas, xa que ao utilizalos vólvense dependentes dunhas multinacionais que teñen o monopolio das sementes.

Tamén é fatal para o medioambiente, porque os transxénicos contaminan cultivos de variedades locais, prexudican a biodiversidade e acaban con séculos de cultura agrícola. Ademais, a súa presenza fai imposible xeitos de producir como a agricultura ecolóxica ou a apicultura, pola contaminación indesexada e incontrolable

por polinización cruzada. Diante de todo isto, o SLG pediu á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado que prohiban as variedades transxénicas dunha vez por todas.

Como primeiro paso, debería suspenderse toda autorización a plantar sementes modificadas xeneticamente. Ademais, o Estado Español debe sumarse de inmediato a aqueles países da Unión Europea que teñen establecido moratorias aos OXMs como Francia, Alemaña, Grecia, Hungría ou Austria.

Finalmente, tamén pedimos que se comecen a etiquetar de xeito claro todos aqueles produtos que conteñen transxénicos, xa que a cidadanía ten todo o dereito a poder elixir se consume ou non alimentos contaminados por organismos manipulados xeneticamente e, polo tanto, potencialmente perigosos para a súa saúde.

PLAN CONECTA MULLER
A xestión que sempre fixeches,
máis doada grazas a CERES

Consulta en www.ceres.org.es
ou na túa oficina do SLG máis achegada



*Dende a páxina web www.ceres.org.es
Accede de xeito rápido e sinxelo aos contidos dos
Plans de Desenvolvemento Rural
da túa comunidade autónoma*

ASESORÍA EN DESENVOLVEMENTO RURAL



CERES
CONFEDERACIÓN DE MUJERES
DEL MUNDO RURAL

Avanzando en igualdad



FEADER
Europa invierte en las zonas rurales



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA,
ALIMENTACIÓN
Y MEDIO AMBIENTE

Nace unha organización permanente para rematar coa praga dos lumes

Están nela SLG, Verdegaiá, Asociación Galega de Apicultura e Plataforma en Defensa das Fragas do Eume

Diante da vaga de incendios que volveu asolar Galiza este verán, o Sindicato Labrego Galego, xunto á Asociación Galega de Apicultura, Verdegaiá e a Plataforma para a Defensa das Fragas do Eume, fixeron público un manifesto no que se denuncian as nefastas políticas forestais e de xestión do monte da Xunta, e se anuncia a creación dunha organización galega permanente centrada en erradicar a praga dos lumes no noso país. De seguido, transcribimos o manifesto que se fixo público a mediados de agosto, cando ardían centos de hectáreas en Valdeorras.



Nelson d'Aires 

1º A nosa solidariedade coas vítimas do incendio que leva arrasadas máis de 1.000 hectáreas no Barco de Valdeorras e, moi en especial, con aquelas que tiveron que ser atendidas polos servizos de urxencias sanitarios ou que perderon as súas casas e pertenzas. Tampouco queremos esquecer á veciñanza afectada por outros incendios activos en Lugo e en Ourense.

2º Denunciamos a inoperancia da Xunta para prever e extinguir os incendios forestais, que se están a converter nunha praga que esquilma o medio ambiente forestal, produce grandes perdas económicas e pon en perigo a integridade física das persoas, cada vez con máis frecuencia.

3º Denunciamos a política da Xunta de Galicia, que aposta por medidas contrarias á explotación racional do monte e favorece de xeito indirecto a pragas dos incendios forestais. Boa proba disto é a recente aprobación da Lei de Montes ou o borrador elaborado sobre cultivos enerxéticos forestais.

4º Denunciamos as políticas da Unión Europea, do Goberno Central e da Xunta de Galicia, que tenden ao abandono do medio rural co peche de explotacións agrarias e gandeiras. Estas políticas son un dos factores fundamentais da expansión dos incendios forestais e da imposibilidade de poderlos controlar.

5º Denunciamos a redución das partidas orzamentarias destinadas á prevención e extinción de incendios que o goberno do señor Feijoo vén facendo, o que se traduce en menos medios materiais e humanos para o control e a prevención dos incendios forestais.

6º Trasladamos á opinión pública que as catro organizacións que asinan este manifesto decidimos sumar os nosos esforzos e crear unha organización nacional galega permanente que teña como fin vixiar, debater, propoñer, denunciar e mobilizar no intento de forzar actuacións e medidas políticas que rematen, dunha vez, coa praga incendiaria que todos os anos

asola Galiza e que, no transcurso das últimas catro décadas, suma unha cantidade de hectáreas arrasadas equivalente á suma do territorio galego na súa totalidade.

7º As organizacións asinantes deste manifesto facemos un chamamento á sociedade civil e ás distintas organizacións (culturais, deportivas, veciñais, sindicais, políticas, cooperativas, persoas a título individual, etc.) para organizarnos, mobilizarnos e presionar ás distintas instancias administrativas e políticas para que, dunha vez por todas, se tomen as medidas precisas para combater e prever de xeito efectivo a praga dos incendios forestais na Galiza.

Marcha Mundial das Mulleres: a débeda dos gobernos é con nós, non cos bancos

Este movemento feminista global organiza unha campaña de accións en varios países, entre eles Galiza

O 4 de outubro, comezaba en varios países de Europa unha campaña da Marcha Mundial das Mulleres que, a través de numerosas iniciativas, busca denunciar como a crise económica e a vaga de retalladas sociais que están a impor os gobernos se ceban, especialmente, nas mulleres. Así, diversos colectivos sociais de Galiza, Portugal, Catalunya, Euskalherria, Grecia, Francia, Bélxica, Suíza, Italia, Rumanía, Macedonia e Turquía, desenvolverán un bo feixe de actividades que concluírán o 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora.

O motivo fundamental desta campaña é “loitar por unha vida digna” e por “no centro dos debates sociais a vida e os dereitos das mulleres”. E dá contido a esta campaña un manifesto titulado “A débeda dos gobernos é coas mulleres, non cos bancos”, que foi elaborado tras meses de traballo conxunto por mulleres dos doce países implicados.

O manifesto articúlase en varios apartados nos que se enumeran os motivos polos que as mulleres marchan: pola soberanía económica, por unha vida sen violencia, para por no centro a vida das persoas, polo dereito á saúde, por unha vida sostíbel, pola educación e pola soberanía política.

Con esta campaña, a Marcha Mundial quere denunciar o agravamento da situación na que viven as mulleres

por mor das políticas que os diferentes gobernos conservadores están a por en práctica coa escusa da crise económica, “crise que para nós non é máis que un novo saqueo aos nosos pobos para acumular as riquezas en mans dos poderosos e para eliminar gran parte dos dereitos conquistados polas traballadoras ao longo das últimas décadas”.

Dende a Coordinadora Galega da Marcha Mundial das Mulleres, fíxose un chamamento a toda a sociedade galega, tanto a título individual como organizado, para apoiar esta campaña europea “no marco da loita que dende diversos sectores se leva a cabo na Galiza contra este sistema inxusto e criminal que saquea as nosas vidas e os nosos dereitos (...) Porque temos dereito á soberanía económica e alimentaria, a



A Coordinadora Galega da Marcha presentou a campaña en Compostela

vivir sen violencias, á educación e á sanidade, a que a vida sexa o centro das políticas, a unha vida sostíbel e á soberanía política, queremos demostrar e visibilizar xuntas que non imos permitir que nos rouben o futuro, que lexislen sobre os nosos corpos e as nosas vidas”.

Dende a Marcha Mundial proclamaron que “estaremos na rúa en toda Europa defendendo os dereitos das mulleres, porque para mudar o mundo é imprescindible mudar a vida das mulleres e porque para mudar a vida das mulleres é imprescindible mudar o mundo”.

Apoio da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego

A Secretaría das Mulleres do SLG apoiará as diversas accións que se desenvolverán na Galiza durante os vindeiros meses, e que rematarán o 8 de marzo, por coincidir plenamente coas denuncias e demandas desta campaña.

Dende a Secretaría das Mulleres do SLG denunciámos que as labregas están a sufrir de xeito moi especial esta crise, pois amais de padecer o seu impacto dobremente por ser mulleres, tamén o padecen por vivir no rural, onde as retalladas de servizos, sanidade, educación ou atención á infancia e ás persoas maiores están a ser moito máis drásticas; e por traballar en sectores produtivos que, coma o lácteo, están a vivir unha situación crítica. A crise económica e a vaga de recortes abocará a miles de labregas a deixar de cotizar á Seguridade Social, a non darse de alta como titulares renunciando a moitos dereitos ou a ver incrementadas as súas cargas familiares pola falla de asistencia social.

IX Encontro anual da Secretaría das Mulleres

26, 27 e 28 de outubro de 2012 en Teo

26 de outubro, venres

- ⌘ Relatorio: Que supoñen para a cidadanía e para as mulleres a débeda e o rescate financeiro?
- ⌘ Cea cos produtos caseiros que cada unha aporte. Acto benvida das e intercambio de sementes.

27 de outubro, sábado

- ⌘ Os comezos do mercado de Teo. Visita ao mercado.
- ⌘ Relatorio: Impacto na cidadanía e na vida das mulleres da política de recortes no ensino, na sanidade nos servizos sociais.

- ⌘ Lei do Aborto: qué supón a actual lei e as consecuencias das posibles modificacións.

- ⌘ Visita dunha zona histórica en Santiago de Compostela

28 de outubro, domingo

- ⌘ Traballo interno da Secretaría das Mulleres: balance campañas.
- ⌘ Elección da responsable da Secretaría das Mulleres.
- ⌘ Mobilización en defensa de todos os nosos dereitos.

Lugar: Casa Común de Oza (Teo)

Renovación do compromiso para as axudas ao fomento de razas autóctonas de gando en extensivo

A presente orde ten por obxecto establecer o prazo de presentación de renovación de compromiso asumido polos beneficiarios da axuda establecida na Orde do 18 de abril de 2008 e destinada ao fomento de sistemas de produción de razas gandeiras autóctonas en réximes extensivos. Cada beneficiario ou beneficiaria poderá percibir estas axudas, durante un período máximo de cinco exercicios anuais consecutivos, logo da presentación anual da renovación do compromiso. O prazo de presentación das solicitudes remata o **5 de novembro**.

Axudas para a renovación da maquinaria agrícola

Axudas para a renovación do parque de maquinaria agrícola en Galicia. O prazo para presentar as solicitudes remata o **12 de novembro**.

Amplían o prazo de xustificación da axudas á silvicultura

Modificáronse no DOG as bases reguladoras das axudas para o fomento da silvicultura en bosques no medio rural. O principal cambio afecta ao prazo de xustificación da subvención, que será o 30 de novembro para a anualidade de 2012 e o 30 de xuño para a anualidade de 2013.

Paquete lácteo e contratos obrigatorios no sector leiteiro

Tal e como estaba previsto, o día 3 de outubro entróu en vigor o chamado Paquete Lácteo, a través da publicación do RD 1363/2012 que pon en vigor no estado español a obrigatoriedade dos contratos entre as partes, dende o 1 de outubro para todas as entregas de leite de un produtor a un transformador, así como todos os procesos intermedios.

Esta normativa tamén pon en funcionamento e regula as Organizacións de produtores de leite (OPL) e as interprofesionais lácteas.

Para o sector produtor, na práctica significa que temos que asinar un contrato por un prezo que nos impón a industria, e que desde fai tempo non cubre os custos de produción. Significa, pois, poñer en papel unha práctica abusiva e ilícita que condena ao peche a maioría das nosas explotacións, polo que dende o Sindicato Labrego Galego seguimos e seguiremos defendendo que ninguén teña que asinar un contrato con prezos que non cubran, como mínimo, os custes de produción e o traballo.

Axudas a mulleres que sofren violencia de xénero

Axudas para apoiar a mulleres que sofren violencia de xénero e garantirlles unhas condicións de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo. Segundo o caso, as axudas poden ir dos 300 aos 800 euros ao mes, dependendo do nivel de rendas e dos fillos e fillas ao cargo.

O prazo remata o **30 de novembro de 2012**.

Reducen a cinco meses o período de retención de animais nas axudas da PAC

Publicouse no DOG a modificación da Orde do 25 de xaneiro de 2012 pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2012 (axudas da PAC). En concreto, o cambio fíxose no artigo 53.1 letra c), que queda redactado como segue: “c) *Que manteñan na súa explotación, durante un período de reten-*

ción mínimo de cinco meses consecutivos, a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude, un número de vacas nutrices polo menos igual ao 60 por cento do número total de animais polo cal solicita a axuda e un número de xovencas que non supere o 40 por cento do citado número total”.

A maiores, a letra d) do artigo 61.2 queda sen cambiado, e tamén se modificou o artigo 66.1. Máis información nas oficinas comarcais do SLG.

Compra - Venda - Troco

Véndese

-Moto Honda CBR 125 R de 125 cc, do 2009, con 12.000 quilómetros. Chamar ao 659 927 961

Véndese

-Tanque JAPY 1800 l. Ten 5 anos e lavado automático. Chamar aos números de teléfono 630 382 654 e 982 330 429

Véndese

-Casa con finca na Vila, Recemel (As Somozas). Ten luz, auga da traida e pozo propio. Forno de pedra e garaxes para coches. Chamar aos números de teléfono 981 419 048 ou 639 224 617

Véndese

-Cachorros de Mastín (raza recoñecida). Zona Monfero. Chamar ao 626 194 490

Véndese

-Sala de muxir. 8 puntos. Lavado automático.
-Tanque de frío de 1.800 litros. Lavado automático. Chamar ao 616 023 705

Véndese

-Viño branco Albariño e tinto da zona de Salvaterra de Miño. Preguntar por Encarnación no número de teléfono 645 851 081

Véndese

-Circuíto Manus de 4 puntos.
-Tanque de frío de 800 litros.
-Silo para penso de 6.000 quilos, dividido en dous. Preguntar por Raúl no teléfono 982 312 200 (mellor ao mediodía ou pola noite). Zona de Castroverde.

Véndese

-Muíño eléctrico de 2 pedras no Saviñao. Prezo 225 € Chamar ao 982 450 326

Véndese

-Uvas tintas (Mencia, Sousón, Pedral) e brancas (Treixadura e Loureiro). En Salvaterra de Miño, comarca do Condado (D.O Rías Baixas). Preguntar por Encarnación no 645 851 081

Véndese

-Encintadora suspendida marca Wolagri.
-Tractor Fiat 980 simple.
-Tractor Deufart Agrotrom 150 con pala 1600 horas Chamar ao 676 168 523

Véndese

-Cámara frigorífica de 10 m³.
-Arrancadora de patacas Polmotur, de descarga lateral. Chamar ao 610 040 674

Véndese

-Becerras e becerras de raza Rubia para recría. Chamar ao 626 442 294

Véndese

-Rolos de palla (300 quilos de peso e 1'60 m. de diámetro).
-Macropacas de catro e seis cordeis. Zona da Limia. Chamar ao 661 736 998

Véndese

-90 rolos de silo na zona de Lugo. Chamar ao 649 147 614

Véndese

-Mastíns de raza recoñecida pola Sociedade Canina Galega. Zona Monfero (A Coruña). Chamar ao 626 194 490

Véndese

-Tractor Agria 9.900 con cabina. Motor reparado. Documentación ao día. Fresadora e remolque novos, con documentación. Desbrozadora, ganchos e arado seminovos. Preguntar por Xosé Antonio no teléfono 676 960 087.

Véndese

-Chibo, macho cabrún, por cambio de raza. Chamar ao 988 457 400

Véndese.

-Alfalfa rama paquete grande e palla de vezas. En Palencia. Chamar ao 605 504 490

Véndese

-Xovencas frisonas próximas o parto.
-Tanque de frío de 3.000 litros. Chamar ao 630 561 310

Véndese

-Fresa marca Agrator de 1'30.
-Arados xemelgos da marca Carruxo. Todo seminovo. Preguntar por Xosé Manuel no teléfono 636 234 643

Véndese

-Becerro inscrito na Asociación Nacional de Limousin. Libre de IBR, DVD, etc. Chamar ao 648 187 857

Véndese

-Circuíto de muxido de dous puntos marca Miele. Na zona de Cesuras. Chamar ao 620 338 362

Véndese

-Rotativa con 1,85 de corte. Preguntar por Moisés nos teléfonos 982 169 197 ou 616 827 468

Véndese

-Mazo para un ferreiro. Na zona de Lugo. Chamar ao mediodía ou á noite ao 982 150 232

Véndese

-Herba seca en rulos de 1,40.
-Pacas pequenas por encarga. Chamar aos números de teléfono 981 798 174 e 619 267 520

Véndese

-Autocargador Kemper de dobre eixe e 30 coitelas.
-Desensiladora Kuhn. En Carballedo (Lugo) Chamar ao 653 641 823

Véndese

-Touro de raza Rubia Galega. Manso, 7 anos de idade. Na Serra do Suido, O Covelo (Pontevedra). Preguntar por Tielas no teléfono 626 442 294

Véndese

-Nissan Terrano con 187.000 quilómetros. En bo estado. Chamar ao 677 121 034

Véndese

-Xovencas de primeiro e segundo parto. Preguntar por Xulio no teléfono 982 520 399

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Rabaño de 10 cabras en Chantada
Chamar ao 649 228 803

Véndense

-Arrincadora de patacas de 1 suco con descarga lateral, marca Polmotor.
-Cámara frigorífica de 10 m3 cun compresor de 4.5 CV.
Na zona de Betanzos.
Chamar ao 610 040 674

Véndese

-Encintadora suspendida, marca Volagri.
-Empacadora marca Massey 124.
Preguntar por Xosé Luis no número de teléfono 676 168 523

Véndese

-Repartidor de esterco marca Herculano. Ano 2002, unha soa man, 4 rotores verticais. Documentación e ITV por un ano.
Na zona da Limia.
Chamar ao 661 736 998

Véndese ou cámbiase

-Apartamento en Torrevieja, a 300 m. do paseo marítimo, por similar na provincia de Pontevedra. Negociable.
Preguntar por Xoaquín no teléfono 619 985 001

Véndese

-Desensiladora MAKEY, de 1,60 de ancho e 2 tipos de enganche. Bo estado.
Preguntar por Xabier no teléfono 699 396 665

Véndese

-Rotoempacadora Gallartine.
Chamar ao 686 577 685.

Véndese

-Motosegadora marca Bertolini, de dúas rodas dianteiras e dúas traseiras. Con permiso de circulación e matrícula.
Chamar ao 677 788 173

Véndese

-Autocargador Lacasta, 18 m³. Prezo: 700 €.
Chamar ao 639 946 557

Véndese

-Tractor Massey Ferguson 147.
-Grada de discos Peter.
-Vertedeira Ebro
-Remolque Imaco sen basculante.
-Cultivadores.
-Mosquitos.
-Aboadora de lata E250
-Carretilla elevadora de 2.500 quilos de dobre mastro.
Chamar ao 650 019 275

Véndense

-Becerros de recría. Na zona do Covelo (Pontevedra).
Preguntar por Fran no número de teléfono 660 686 034

Véndese

-Remolque para cargar rolos de 4.90 m. de longo e 2.20 m. de ancho, con freo hidráulico.
Zona de Castroverde.
Chamar ao 617 655 320

Véndense

-Rolos de herba seca da campaña 2012.
Chamar ao 639 503 210

Véndese

-Pala mixta marca JCV, modelo 3D, en bo estado de uso.
Preguntar por Tino no número de teléfono 609 039 380

Véndese

-Cisterna de 3.000 litros marca Galagri con documentación. Na zona de Arzúa.
Chamar ao 630 018 350

Véndense

-Dúas desensiladoras de cadeas, unha marca BVL e outra marca Mullos.
Chamar ao 689 553 042

Véndese

-Tractor Pasquali 795, de 37 CV, con dirección, brazos e repousabrazos. Bo estado. 3000 €. Zona Compostela,
Chamar entre as 13:30 e as 14:30 horas ao 636 680 510

Véndese

-Rastrillo ringleirador FELLA. Estende moi ben a fileira.
Bo prezo.
Preguntar por Alberto no teléfono 618 654 350

Véndese

-Fresa Agrator de 1,35.
Zona de Guntín
Chamar ao 676 73 91 42

Véndense

-Ventiladores 1.20 x 1.20. Zona Compostela.
Chamar ao 677 244 325

Véndense

-Máquina para recoller patacas marca GRIMME, con dirección e moega (tolva) alta.
-Desbrozadora de patacas de tres regos con coitelas.
-Motor de regadío, 14 ou 19 CV.
-Cinta transportadora de 6 m.
-Tubo de regadío de 3 polgadas.
Chamar aos números de teléfono 619 904 183 e 988 462 783

Véndense

-Rulos de palla e macropacas. Apata para comer.
Na zona da Limia.
Chamar ao 661 736 998

Véndese

-Vaca de cruce.
Chamar ao 689 752 400

Véndense

-Seat Toledo Diesel.
Chamar ao 615 108 486

Véndense

-Años e cabritos. En Oza dos Ríos (A Coruña)
Chamar ao 670 895 789

Véndense

-Enganche hidráulico de tractor John Deere Serie 6000-7000. Sobe, baixa, alarga e encolle desde o tractor.
-Peugeot 205 Mito 1.7 diesel. Dirección asistida, elevador eléctrico de ventás, aire acondicionado, faros de néboa e alarma.
-Cuba con capacidade de 1.000 litros e con dúas bocas, unha no fondo para sacar o bago.
-Muíño para enganchar ao tractor para moer e machucar millo verde en cana.
-Máquina de lavar a presión marca Comet, 150 bares de presión e 11 litros por minuto. Ten depósito de xabón e manguera de 5 metros de largo.
En Paradela (Lugo).
Preguntar por Ovidio no teléfono 686 596 260

Véndese

-Grada sucadora de tres regos sen estrear, con arado para abrir regos de patacas. Zona O Corgo.
Contactar con Xabier no teléfono 663 470 286

Véndense

-Arados de vertedeira de 3 pas. Zona de Frades.
Chamar ao 686 577 685

Véndense

-Xatas frisoas próximas ao parto. Zona de Portomarín
Chamar aos números de teléfono 982 157 768 e 697 422 304

Véndese

-Autocargador de 13 coitelas. Na zona de Cesuras.
Chamar ao 650 158 948

Véndese

-Carro mesturador con fresa marca ZAGO, con 11 m. de capacidade. Documentado. Con descarga a ambos lados e toma de forza homocinética.
Na zona de Umbría (A Coruña).
Preguntar por Xosé no teléfono 679 875 221

Véndense

-2 invernadoiros, de 1000 m cada un.
-Furgón MB 180 D
Preguntar por Xosé Ramón nos números de teléfono 981 504 082 e 620 296 711 (zona Compostela)

Véndese

-Fresadora HOWARD 1,85 de traballo, enganche automático.
Chamar ao 650 158 948

Véndense

-Roto Gallignane modelo 3200.
-Tanque de frío de 450 litros.
-Arado M-4.
-Aboadora Nardy 400 kg.
Chamar ao 646 336 125

Véndense

-Desensiladora de mordaza marca Tenias.
-Renault 19 1.9 diesel. Bo prezo.
Chamar ao número de teléfono 647 777 498

Véndense

-Vacas de leite por cese de actividade.
Chamar ao número de teléfono 630 818 278

Véndese

-Tractor Renault 651 con poucas horas de traballo.
-Arada Lacasta.
-Sulfatadora Matabi 350 litros (dúas pistolas).
-Desbrozadora de cadeas (1.50m). Zona Compostela.
Chamar ao 690 064 010

Véndese

-Circuíto Alfa Laval con lavador automático de 3 puntos, con motor de bomba para 6.
Por peche de explotación. En moi bo estado.
Preguntar por Concha no teléfono 982 574 687

Véndense

-Cisterna de 3.000 litros con documentación.
-Fresadora de 2 m. de traballo, ano 2008.
-Remolque de segadora con arco; 2.10 m. x 1.35 m.
Na zona de Melide.
Chamar ao número de teléfono 667 469 962

Véndese

-Viño branco e tinto, augardente branca e de herbas e licor café.
-Can Pequínés e gatos amarelos laudos.
-Carro de vacas de ferro en bo estado para uso ou como antigüidade.
-Cordeiros/as de raza Merina.
-Garrafas de segunda man de 20 a 60 litros.
-Leña picada de carballo e de piñeiro.
En Verín (Ourense).
Preguntar por Xosé Antonio no teléfono 615 015 214

Véndense

-Cabritas de recría.
Chamar ao número de teléfono 691 997 142

COMPRAS

Mércase

-Autocargador con rotativa.
Chamar ao 981 605 270

Mércase

-Alambique para utilizar que estea en bo uso.
Preguntar por Xosé Antonio no teléfono 615 015 214 (Verín).

Mércase

-Desbrozadora de herba das patacas de segunda man.
Chamar aos números de teléfono 981 669 250 e 627 981 309

Mércase

-Enfriador de placas, marca Alfa-Laval.
Chamar ao 625 180 903

OUTROS

Arréndase

-Casa con terras n'A Golada.
As persoas, preferentemente interesadas en proxectos de agricultura ecolóxica, poden chamar ao 669 810 937

Búscase

-Can con carácter para coidado de finca. Que non sexa de raza perigosa, pero que sexa malo.
Chamar ao 619 075 640

Búscase

-Terra para arrendar na zona de Vedra ou Teo, para desenvolver proxecto ecolóxico.
Preguntar por Paula Lubián no número de teléfono 698 161 760

Ofrécese

-Casarío. Inclúe fincas, instalacións gandeiras e maquinaria. Todo gratuito, a cambio dun posto de traballo. Na zona de Ribadeo.
Preguntar por Emilio nos teléfonos 982 137 418 e 689 601 758

Búscanse

-Terreos para cultivo de horta na zona de Ferrolterra.
Chamar ao 625 776 331

Búscanse

-Terreos para cultivo de horta.
Chamar o 619 110 982

Matrimonio busca

-Casa con finca pola zona de Lugo ou concellos limítrofes.
Chamar ao 676 771 471

OFERTA E DEMANDA

EMPREGO

Búscase

-Persoa para traballar en granxa de vacún de leite en Teixeira. Valórase experiencia.
Chamar ao 620 169 531

Ofrécese

-Persoa responsable para traballar nunha explotación de leite da zona Compostela / Ordes.
Chamar ao 629 927 005

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Carmen Pazos Rabuñal e Dolores Lea Santiso, Premio Semente de Verdegaiia

A asociación ecopacifista Verdegaiia outorgou o seu Premio Semente á Mellor Actuación Ambiental 2012 a dúas labregas afiliadas ao SLG: Carmen Pazos Rabuñal, da aldea de Socastro (Rois) e Dolores Lea Santiso, de Cacheiras (Teo). Para Verdegaiia, estas mulleres “simbolizan co seu traballo a conexión entre a nosa tradición e a práctica da soberanía alimentar e o papel central que a muller ten xogado dende sempre no coidado da terra e da nosa alimentación”.

Verdegaiia galardoa co Premio Semente a dúas mulleres do Sindicato Labrego

Carmen Pazos Rabuñal ten unha explotación ecolóxica de horta e vacún de carne na aldea de Socastro, parroquia de Herbogo (Rois); mentres que Dolores Lea Santiso rexenta unha horta familiar en Cacheiras (Teo) que complementa coa cría de animais como galiñas, cabras, coellos ou porcos, e na que “non se desperdicia nada e todo se aproveita”, mesmo para a elaboración de produtos artesanais como marmeladas, conservas, doces ou empanadas.

As dúas mulleres galardoadas co Premio Semente teñen en común que o seu traballo vai alén de ter apostado por vías alternativas á agricultura convencional, ben sexa con métodos de cultivo ecolóxico, ou ben coa comercialización directa dos seus produtos. Como di Dolores de Teo “traballando a terra unha non se fai rica, pero se sabemos mirar alén do económico, o máis importante para min é o que sinto polo meu traballo, a satisfacción que me dá”. Algo que comparte tamén Carme, que se sente “moi orgullosa e feliz” co seu oficio e acha unha grande satisfacción en actos tan simples como “darlle de comer ás vacas, plantar as leitugas ou alimentar aos meus fillos”. Este sentir resúmeo perfectamente Dolores cando di que o máis importante do seu traballo “é sentir e querer o que fas. Da nosa

horta, por exemplo, aprovéitase todo, dende os refugalllos das podas até a froita que sobra. Creo que non abonda con producir alimentos; debemos coidar e aproveitar os recursos que nos dá a propia terra ao máximo. Creo que a soberanía alimentar está conectada con este xeito de facer as cousas”.

Se cadra é por iso, por sentirse realizadas co seu oficio, que non o dubidan á hora de animar á xente moza e non tan moza a apostar polo traballo da terra. Para Carmen, “en vez de coller as malletas e poñer os ollos fóra para marchar,

a mocidade podería prepararse para traballar aquí; no noso medio rural hai moitas oportunidades de traballo que están sen explotar polo abandono que sufrimos, non necesariamente ligadas á actividade agraria”. Contra o desespero e a crise permanente que parecen reinar no campo, Carmen mantén que “se nos unimos e facemos forza poden mellorar as cousas; non temos por que acatar todo o que nos mandan os políticos”.

Desta vez, Verdegaiia quixo recoñecer co Premio Semente este xeito de

facer as cousas do que falan Carmen e Dolores, máis alá de premiar o labor dun colectivo ou dunha persoa concreta. Para Verdegaiia, Carmen de Socastro e Dolores de Teo representan “un concepto e, en xeral, ás persoas e colectivos que pulan porque ese concepto manteña o seu lugar na nosa terra. Este ano queremos premiar as prácticas de soberanía alimentar, nomeadamente ás persoas que aínda conectan este concepto, proposto nos anos 90 pola Vía Campesina, coa nosa propia raigame labrega”.

